



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello de A Coruña



escuela infantil  
municipal

libro  
bienvenida

a caracola

# Presentación

A EIM A Caracola inicia a súa andaina o 2 de Setembro de 2009. Pertence xunto á EIM Monte Alto, EIM Luis Seoane, EIM Arela, EIM Carricanta, EIM Os Rosales e a EIM Os Cativos á rede municipal de Escolas Infantís do concello de A Coruña.

A escola atópase no barrio de Novo Mesoiro e pertence ó Distrito Noveno da cidade de A Coruña (Lugar de Elviña, Zapateira, Feáns, Mesoiro, Vío e parte Martinete) cunha poboación de 5.527 habitantes, 2.766 homes e 2.761 mulleres. A poboación infantil menor de 5 anos comprende 220 nenos e 195 nenas –Datos do Padrón de Habitantes de 18/10/2006-. Os obxetivos desta Escola, xunto ós propiamente educativos, son fundamentalmente:

- Elaborar un proxecto que parta do neno e que lle permita desenrolarse autónomamente, ser motor do seu propio desenvolvemento.
- Promover unha intensa renovación pedagóxica dos métodos de ensinanza-aprendizaxe, mediante a aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Favorecer o desenvolvemento de todos os alumnos sexan cales sexan as súas características individuais e as propias do seu entorno, a partir dunha atención personalizada.
- Abrir as portas da escola á comunidade escolar, a todos aqueles interesados en facer desta un centro vivo e que non só se convirta en centro asistencial e educativo para os nosos nenos, senón tamén que posibilite un maior acercamento e coñecemento da realidade infantil.
- Comprometer ás familias na organización e funcionamento da escola, promovendo a súa presenza na vida diaria do centro.
- Favorecer o traballo en equipo e a formación continua do persoal, participando en cursos, contactando con outros centros,...
- Desenvolvemento e fomento de hábitos alimentarios sáns desde o nacemento.
- Iniciar dende os primeiros anos a presenza de outras linguas no contexto escolar, entrando en contacto con elas a través de cancións, xogos, música,... e sendo unha actividade integrada na dinámica da aula e non unha tarefa illada da programación.





**CALENDARIO.** A Escola permanecerá aberta de Luns a Venres dende as 7:30 h.

Nos períodos de **Semana Santa, Nadal e períodos estivais** ofertaranse servizos mínimos (7:30h a 15:00h). En todo caso, recordámosvos que un neno non poderá permanecer na Escola máis de 8 horas. A xornada de escolaridade comprende 6 horas e todo o que supere este período considérase complemento de estancia. Polo ben de todos, rógase que respetedes os horarios establecidos de entrada e de saída. No caso de que vos retrasedes tedes que avisar á Escola. Non se permitirán reiterados retrasos nas entradas e saídas. Para saídas excepcionais da Escola (médico, viaxes...) avisarase previamente.

### SERVICIOS

<b>Escolaridade</b>	de 9:00 a 15:00h	
	<b>Comedor</b>	de 12:00 a 13:00h ( <i>aulas 0-1 ano</i> )
		de 12:30 a 13:30h ( <i>aulas 1-2 e 2-3 años</i> )
	<b>Almorzo</b>	de 7:45 a 8:45h

### ENTRADAS E SAÍDAS

Necesariamente hai que establecer uns períodos de entrada e saída dos nenos que nos permitan que a Escola funcione correctamente. As reiteradas ausencias dun alumno á Escola poden provocar a súa baixa da mesma. Así establecemos uns períodos de porta aberta:

<b>Entrada</b> de 9:00 a 9:15h	<b>Saída</b> de 13:00 a 13:15h
<b>Entrada</b> de 10:00 a 10:15h	<b>Saída</b> de 15:00 a 15:15h
	<b>Saída</b> ás 16:00h, 17:00h, etc

# Cómo nos vestimos?

3

- Todos os nenos asistirán ó Centro con **roupa cómoda**, preferiblemente chándal, pantalóns sen tirantes, sen petos e sen cintos.
- Nos máis pequenos, o seu vestuario facilitará o cambio de cueiros e nos que están adquirindo certa autonomía, moita liberdade.
- Os **zapatos**, se é posible, sen cordóns.
- Os nenos terán **un ou dous mandilóns** (segundo sexan usuarios do comedor ou non), un para ter na aula e outro para a hora de comer. As familias poderán adquirilo onde prefiran, xa que a escola non obriga a un mandilón estandarizado. Terá/terán que estar **marcados** có nome do neno e **cunha fita** para que eles poidan colgalo con facilidade.
- Para facilitar a autonomía dos nenos substituiremos os botóns por **tiras de velcro** para que sexan eles os que o poñan e o saquen. Os bebés das aulas de 0-1 ano non teñen porque traelo.
- Os nenos das aulas de bebés e os de 1-2 anos terán que traer a escola **3 bibeiros** (non é necesario que veñan marcados).
- Hai que ter moito coidado cós **adornos do cabelo das nenas**, xa sabedes que o levan todo á boca.
- Toda a roupa virá marcada con nome e apelidos, e para aquelas prendas (abrigos, chaquetas e babis) que non traen cinta para colgar, poñédelle unha presilla longa para que non caian dos colgadoiros.
- Todos os nenos terán sempre na Escola **unha bolsa grande de tela** (non mochila) co seu nome, e no seu interior unha muda completa (camiseta, bragas/calzóns –cando as use-, pantalóns, calcetíns e zapatos).
- Facilitaranse ó Centro cueiros e toallitas.
- Evitarase traer á Escola obxectos de valor: pulseiras, aneis, cadeas... polo seu perigo. A Escola non se fai responsable da súa perda.





A escolarización, que empeza nestes momentos a idades moi temperás, vai unida ó desenro educativo, psicomotor e social e condiciona que a escola sexa un lugar moi importante para a educación nutricional dos nenos e para favorecer a adquisición de hábitos de vida saudábeis. Sábese que a alimentación durante a infancia pode ter unha influencia importante na saúde do adulto.

## MENORES DE 1 ANO

De acordo coa Organización Mundial da Saúde (OMS) e a Academia Americana de Pediatría (AAP), o Comité de Lactancia da Asociación Española de Pediatría recomenda a alimentación exclusiva ó peito durante os primeiros 6 meses da vida do neno e continuar o amamentamento xunto coas comidas complementarias axeitadas ata **os 2 anos de idade** ou máis (AEP-Asoc. Española Pediatría).

UNANIMIDADE NO PARLAMENTO GALEGO 07/04/2006

Acordo para esixir a lactancia materna nas escolas infantís

*“Os grupos do PP, o PSOE e o BNG acordaron onte por unanimidade pedir á Xunta que tome as medidas necesarias para habilitar a rede de escolas infantís e garantir o acceso á lactancia materna ó menos para todos os bebés menores de seis meses”.*

Dende as Escolas Infantís temos que fomentar e facilitar a continuación da LM a pesar de que as nais incorpórense o seu traballo. Así as nais que den o peito poderán entrar na Escola no horario que vexan máis axeitado.

Os nenos que xa tomen alimentación complementaria poden utilizar o servizo de comedor, con purés elaborados diariamente pola cociñeira da Escola, supervisados pola Dirección e conforme o establecido pola Xunta de Galicia e pola AEP.

## MAIORES DE 2 ANOS

Ó igual que ós bebés os menús comunicaranse mensualmente ás familias e poden consultarse diariamente na entrada da Escola, e nun futuro, na Web. A Escola conta con menús axeitados para aqueles nenos con problemas alérxicos ou intolerantes. A pauta da alimentación de cada neno, nestes casos e noutros marcarana puntualmente o pediatra, a familia e a Escola.

## ANIVERSARIOS

Os aniversarios na Escola son considerados polo equipo educativo como un momento de reunión e ledicia no que o de menos é o consumo de larpeiradas ou o agasallo, e así o deberíamos inculcar os nosos pequenos e non tan pequenos. Unha torta feita na casa xunto có neno, ou unhas galletas son suficientes.

**Pedímosvos encarecidamente** que non lles traiaades á Escola bolsas con lambetadas de ningún tipo.



## Avisos e recomendacións

### ACCIDENTES OU ENFERMIDADES

En caso de enfermidade ou accidente o neno será levado ó centro sanitario concertado có Seguro Escolar, e avisarase á familia de que este traslado realízase (é moi importante ter actualizados os números de teléfono que se facilitan á Escola) Deberán absterse de acodir á Escola aqueles nenos que presenten: **febre**, **vómitos** (máis de 1-2 veces consecutivas), **diarreas** (máis de 1-2 deposicións líquidas), **parásitos** (en caso de piollos ou lendias,...). As **infeccións supuradas**, **costrosas**, **vesículas** (varicela,...) deben curarse na casa.

Non volverá á Escola ata recuperarse e traerá un certificado do seu médico que confirme a súa curación e aprobe a súa reincorporación de novo ás aulas (nos casos de procesos infecciosos, víricos...).

No caso de que sexa necesario administrar un medicamento traerase a menciña á Escola coa receta expedida polo médico, marcada có nome do neno, a dosis e a hora de administración.

No caso de ter **FEBRE**, na Escola, non se administrarán antitérmicos por norma, é dicir, ante calquera causa. Segundo a AEPEP (Asociación Española de Pediatría) considerase NORMAL unha temperatura menor de 37,5°C. Cando un neno ten febre, os pais adoitan alarmarse pero hai que manter a calma ata que o neno non teña máis de 38° de temperatura. En estes casos administrarase un paracetamol porque é un excelente analxésico.

Debido a que a febre representa unha resposta do organismo fronte a moi diversas situacións, no momento que o neno pase dos 37'5° chamáremosvos para que acudades a buscar o voso fillo.

### PERSOAS AUTORIZADAS A RECOLLER ÓS NENOS

Non se entregará o neno a **ningunha persoa menor de idade** nin descoñecida, distinta da que habitualmente o recolle, sen aviso previo do seu pai, nai ou titor. En caso de circunstancias familiares especiais (divorcio, separación, etc.) comunicaranse ó centro adxuntando certificado de dita situación, aos efectos que procedan.





## FORMAS DE PAGO E DEVOLUCIÓN DE TARIFAS

Os nenos poderán utilizar parcialmente a xornada escolar de acordo coa solicitude feita polos seus pais e respetando os horarios da escola, o que non implicará redución na tarifa. Os nenos non poderán, en ningún caso, permanecer no centro máis de 8 horas diarias, salvo causas excepcionais e convenientemente xustificadas. O cobro de recibos farase mediante domiciliación bancaria. Cando algún recibo sexa devolto pola entidade bancaria, emitírase un novo recibo no que se cargarán os gastos bancarios xerados pola devolución do anterior.

**Causarás baixa nas EIM** por algunha das circunstancias seguintes:

- por solicitude expresa e por escrito dos pais ou representantes legais.
- por non pagar a cuota establecida durante dous meses consecutivos ou dous alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda.
- por comprobación de falsidade nos documentos ou datos presentados.
- por falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.
- por incumplimento reiterado das normas de funcionamento interno das EIM.

As baixas producidas ó longo do curso escolar por calquera dos motivos expostos anteriormente, cubriranse coas solicitudes que quedasen en lista de espera en cada grupo de idade por rigoroso orden de puntuación.

No caso de baixas producidas durante o curso xa comezado, os pais ou titores non terán dereito á devolución do recibo mensual xa emitido, se dita baixa non se notifica por escrito e con, ó menos, un mes de antelación.



## As familias



- Intentamos comprometer ás familias para que sexan elas as que **axuden á organización e funcionamento da escola**, a coñezan e fagan dela un entorno agradable e seguro para os seus fillos.
- Impulsamos a **participación dos pais na xestión da escola**: Consello Escolar e Asociación de pais.
- Propiciamos e facilitamos o establecemento de **relacións sociais e afectivas en toda a comunidade educativa**: entre os nenos, entre os nenos e adultos, entre os profesionais e as familias, transmitindo, coa nosa actitude, a importancia do respecto e a consideración cara os demais, valorando a riqueza que apórtanos a diversidade (de condicións físicas, de estilos de vida, de ritmos de aprendizaxe, de situacións económicas...).
- **Obradoiros de familia para participar nas festas e acontecementos diversos**
- **Obradoiros de cociña, fotografía...**
- Fomentamos entre as familias a **Escola de Pais**, a participación en actividades dirixidas especialmente a eles:
  - **Charlas de profesionais** sanitarios, psicólogos, nutricionistas,....
  - **Cursos** (Primeiros Auxilios, Internet...), impartidos por profesionais, e abertos ós pais, barrio e institucións educativas (outras E.I.M, facultades e outros centros pertencentes ó ámbito infantil...).
  - **Biblioteca de pais** (servicio de préstamo bibliográfico que a escola ofrece ós pais, libros de profesionais pediátricos, contos,...revistas).
- O **caderno de comunicacións** é a principal ferramenta de comunicación entre pais e escola.

- As celebracións que organizamos na Escola (Entroido, Nadal, fin de curso,...) non serían nada sen a participación de todos vós.
- Podedes solicitar, sempre que o desexedes, unha entrevista coa educadora do voso fillo ou coa dirección da Escola.

O traballo que se fai na Escola é colectivo. Toda a Escola segue un proxecto anual concordado por todos e na rutina diaria de todas as aulas os educadores traballan coordinadamente. Non traballamos de portas para dentro, todos coñecemos o traballo que se fai nas aulas, compartimos momentos con todos os nenos e non hai un só referente para eles, todas as educadoras e o resto do persoal forman parte dalgún momento do día a día dentro da EIM A Caracola.

Gracias





Ayuntamiento de A Coruña  
Concello de A Coruña



R/ Islas Cies, s/n  
15190 A Coruña  
eicaracola@edu.coruna.es

## Educar

Educar es lo mismo  
que ponerle un motor a una barca.  
Hay que medir, pensar, equilibrar...  
y poner todo en marcha.

Pero para eso  
uno tiene que llevar en el alma  
un poco de marino,  
un poco de pirata,  
un poco de poeta  
y un hilo y medio  
de paciencia concentrada.

Por eso es consolador soñar  
mientras uno trabaja,  
que ese barco, ese niño  
irá muy lejos por el agua.

Soñar que ese navío  
llevará nuestra carga de palabras  
hacia puertos distantes  
hasta islas lejanas.

Soñar que cuando un día  
esté durmiendo nuestra propia barca,  
en barcos nuevos  
seguirá nuestra bandera enarbolada.

Gabriel Celaya